



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 1

Unidade didáctica 4

Educación literaria

Índice

1.	Introdución	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal.....	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	Introdución aos xéneros literarios.....	6
2.2	A lírica.....	7
2.2.1	O poema: a métrica e a rima. As estrofas.....	8
2.2.2	Principales recursos literarios.....	10
2.2.3	Principais subxéneros líricos.....	13
2.3	Introducción a los textos narrativos.....	16
2.3.1	Principales subgéneros narrativos.....	17
2.3.2	A narrativa breve.....	20
2.4	O xénero teatral. O espectáculo teatral.....	25
2.4.1	Características dos textos dramáticos.....	26
2.4.2	A representación.....	28
2.4.3	Breve evolución da escena ao longo da historia.....	29
3.	Actividades propostas	31
3.1	Actividades en lingua galega.....	31
3.2	Actividades en lengua castellana.....	35
4.	Solucionario	44
4.1	Solucións das actividades propostas en galego.....	44
4.2	Soluciones de las actividades propuestas en castellano.....	47
5.	Glosario	52
6.	Bibliografía e recursos	53
7.	Anexo. Licenza de recursos	55

1. Introducción

1.1 Descripción da unidade didáctica

Esta é a última unidade do módulo 1 e corresponde ao bloque de "educación literaria". O obxectivo desta unidade é facer do alumnado persoas lectoras cultas e competentes, implicadas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Altéranse a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coas de textos literarios e obras completas representativas da literatura en galego e en castelán.

Aínda que a introdución de contidos de historia literaria comeza nos módulos 3 e 4, nesta unidade presentaranse os principais **xéneros literarios** e as súas características, buscando o desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa, así como a súa valoración como fonte de pracer.

1.2 Coñecementos previos

Non só na lectura, senón en calquera proceso de aprendizaxe humana, unicamente podemos darlle sentido ao mundo a partir do que xa coñecemos. Aquilo que non podemos relacionar coa nosa teoría do mundo non ten sentido e, polo tanto, non percibimos a necesidade de aprendelo.

Ler significa comprender; a literatura, os textos, están feitos con palabras; así que, canto maiores sexan os nosos coñecementos previos sobre linguaxe (ortografía, léxico, sintaxe...), maior será a nosa capacidade para interpretar o que o autor, a través da súa obra, quere comunicarnos.

Pense na literatura coma nun camiño de coñecemento a través do tempo: o mesmo que outros pensaron, sentiron, viviron ou soñaron son os soños de calquera persoa en calquera parte do mundo. Lea e goce.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e a expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e o contexto comunicativos.

Os exercicios aparecen todos ao final dos contidos teóricos; se vostede considera que é mellor para reforzar a súa aprendizaxe, pode facelos cando remate cada apartado. Lembre que ten as súas solucións no solucionario final.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 1. Comunicación oral

Trátase dunha unidade introdutoria ao ámbito de comunicación que presenta uns conceptos iniciais básicos da materia. Recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de dúas semanas.

Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 2.3 precisaría dunhas catro horas de estudo noutra semana.

Unidade 2. Gramática da lingua

Nesta unidade vai estudar conceptos básicos de fonética, ortografía, sintaxe e semántica. Os contidos que aquí asimile seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa oral e escrita e, asemade, para assimilar os coñecementos que aparecen nas outras unidades deste módulo. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e a realización das actividades propostas e complementarias ao longo de cinco semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1; na segunda e terceira ocuparase do apartado 2.2; na cuarta e quinta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 3. Comunicación escrita

Nesta unidade vai estudar tres tipos de conceptos: técnicas de estudo, introdución á tipoloxía textual e, por último, técnicas de redacción de textos. Os contidos que aquí asimile seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa escrita.

Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e a realización das actividades propostas ao longo de catro semanas.

Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1, nunhas catro horas de estudo. O apartado 2.2 precisaría dunhas seis horas de estudo ao longo de dúas semanas. Por último, na cuarta semana veríase o apartado 2.3.

Unidade 4. Educación literaria

Dedicaremos unha media de tres sesións lectivas a esta unidade 4; na primeira semana desenvolveranse os apartados 2.1 e 2.2; na segunda, o 2.3 e na última o 2.4 cos seus respectivos subapartados.

Asemade, vostede deberá dedicar un mínimo de tres horas semanais ao seu estudo na casa, levando a cabo as lecturas e os exercicios propostos nela.

Lembre que ao final da unidade dispón das correccións de todos os exercicios e actividades para autoxestionar máis eficazmente a súa aprendizaxe.


2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 Introducción aos xéneros literarios

Tras miles de anos de produción literaria, son incontables os textos que apareceron ao longo do tempo. Atendendo a cuestións de forma e contido, as obras literarias distribúense en distintas categorías chamadas **xéneros literarios**. Existen tres xéneros literarios fundamentais: a lírica, a narrativa e o teatro.

Cada un deles ten unhas características propias que podemos resumir deste xeito:

- O **xénero lírico** ou poesía está formado polo conxunto de obras poéticas en que o autor expresa os seus sentimentos, reflicte o seu estado de ánimo e fálanos das súas inquedanzas máis íntimas.
- O **xénero narrativo** está formado polo conxunto de obras nas que un narrador relata unha historia que se desenvolve a través do tempo, arredor duns personaxes e ambientada en certos lugares.



- O **xénero dramático** está formado polo conxunto de obras que se escribiron para seren representadas ante un público. Caracterízase polo predominio do diálogo sobre outras formas de expresión. A diferenza da novela, non precisa dun narrador, xa que son os personaxes os que fan avanzar a acción cos seus diálogos.

2.2 A lírica

Etimoloxicamente a palabra poesía vén do latín *poiesis*, e esta á súa vez do vocábulo grego ποιησις, que significa facer nun sentido técnico, é dicir, o poeta moldeaba as palabras para facer poesía como outros artesáns moldeaban o barro para facer vasillas.

A poesía lírica nace en Grecia no século VII a. C. e debe o seu nome a que na súa orixe non era un xénero literario destinado a ser lido, senón a ser recitado ou cantado ao son dunha lira.

Á parte do acompañamento musical, a lírica grega caracterizábase por utilizar diferentes tipos de versos -polimetría- e ocuparse do mundo interior do poeta -sentimentos e estado de ánimo, pero tamén pensamentos, gustos e crenzas-. Así pois, a súa temática é moi diversa: relacións amorosas, amizades, afeccións, reflexións sobre a vida e a morte, cuestións políticas...



Muller tocando unha lira

Antigamente, a poesía escribíase unicamente en verso, rexéndose por un conxunto de normas sobre a composición denominada métrica. Segundo a métrica, os versos formábanse por un número fixo de sílabas (tetrasílabo, hexasílabo, alexandrino etc.), unha determinada distribución dos acentos e unha rima, que darían como resultado un ritmo e un tipo de composición particular: copla, seguidilla, redondilla, cuarteto etc.

A lírica moderna caracterízase polo predominio do verso libre, onde o autor ten liberdade total para dispor e organizar os versos no texto e buscar o seu propio ritmo, sen verse suxeito pola rima ou pola métrica.

XXI

¿Qué es poesía?, dices mientras clavas
en mi pupila tu pupila azul.
¿Qué es poesía? ¿Y tú me lo preguntas?
Poesía... eres tú.

GUSTAVO ADOLFO BÉCQUER, *Rimas*.

Se quere coñecer un concepto moi particular da poesía, consulte o seguinte enlace no que se reproduce unha secuencia inesquecible da película *O Club dos poetas mortos*:

<http://www.krece.es/entender-la-poesia/>

2.2.1 O poema: a métrica e a rima. As estrofas

A **métrica** ocúpase da medida ou estrutura dos versos, das súas clases e das distintas combinacións estróficas que se poden formar con eles.

O verso e o cómputo silábico

O **verso** é unha palabra ou conxunto de palabras suxeitas a un esquema rítmico e a unha medida determinados que ocupa unha liña dun texto poético.

Ao medir as sílabas dun verso hai que ter en conta dous factores: o número de **sílabas reais** (sílabas fonolóxicas) e o número de **sílabas métricas** (condicionado por unha serie de licenzas métricas).

Se tomamos como referencia o **último acento**, hai que ter en conta que:

- Se o verso termina en palabra grave, non se lle engade nin se lle resta ningunha sílaba.

Can-do-pen-so-que-te-fu-ches 8

- Se o verso remata en palabra aguda, contarase unha sílaba máis:

Non-can-ta-na-Chá-nin-guén 7 + 1

- Se remata en palabra esdrúxula, réstaselle unha sílaba ao verso:

Nena que nesa fontíña 8

Que-res-en-cher-a túa-cán-ta-ra 9 - 1

Ademais, deben terse en conta os **fenómenos métricos** que afectan ao cómputo silábico: a sinalefa, a diérese e a sinérese.

- A sinalefa consiste na unión nunha sílaba métrica da sílaba final dunha palabra que remata en vogal e a primeira sílaba da seguinte que comeza tamén por vogal:

...que eu lle daba ó meu amor...

...queeu-lle-da-baó-meu-a-mor 7 + 1

- A diérese prodúcese cando dúas vogais dunha mesma palabra que forman ditongo se parten en dúas sílabas métricas:

Campanas de Bastavales 8

Can-do-vos-o-io-to-car 7 + 1

Mó-rro-me-de-so-i-da-des 8

- A sinérese dáse cando, nunha palabra do verso, dúas vogais que forman hiato se unen nunha soa sílaba métrica:

...no longo das túas pestanas...

...no-lon-go-das-túas-pes-ta-nas... 8

Clasificación dos versos segundo o número de sílabas

Os versos poden ser de **arte menor** (máximo = 8 sílabas) ou de **arte maior** (9 sílabas ou máis). Os máis comúns son:

- *tetrasílabos* (catro sílabas).
- *pentasílabos* (cinco sílabas).
- *hexasílabos* (seis sílabas).
- *heptasílabos* (sete sílabas).
- *octosílabos* (oito sílabas).
- *eneasílabos* (nove sílabas).
- *decasílabos* (dez sílabas).
- *hendecasílabos* (once sílabas).
- *alexandrinos* (catorce sílabas).

A rima

A rima é a repetición dos sons finais do verso, dende a última vogal tónica até o final.

Pode ser de dous tipos:

- **Consonante:** repítense todos os sons, as vogais e as consoantes, dende a derradeira vogal tónica até o final. Exemplo:

<p>Anoche cuando dormía soñé, bendita ilusión, que una fontana fluía dentro de mi corazón.</p> <p>ANTONIO MACHADO</p>	<p>Adiós, adiós ,que me vou herbiñas do camposanto donde meu pai se enterrou herbiñas que biquei tanto, terraña que nos criou.</p> <p>ROSALÍA DE CASTRO</p>
---	---

- **Asonante:** só se repiten as vogais, dende a derradeira vogal tónica até o final.

Exemplo:

<p>Antonio Torres Heredia, camborio de dura crin, moreno de verde luna, voz de clavel varonil ¿Quién te ha quitado la vida cerca del Guadalquivir?</p> <p>FEDERICO GARCÍA LORCA</p>	<p>Adiós ,ríos; adiós, fontes; adiós regatos pequenos; adiós vista dos meus ollos: non sei cando nos veremos.</p> <p>ROSALÍA DE CASTRO</p>
---	--

A estrofa e o poema

Os versos pódense agrupar nunha unidade superior chamada **estrofa**. Segundo o número de versos que a compoñen, podemos diferenciar varias clases de estrofas:

NÚMERO DE VERSOS	ESTROFAS	COMBINACIÓN DE VERSOS E RIMAS	RIMAS	NÚMERO DE SÍLABAS
2	Pareado	AA /aa	consonante e asonante	11/8
3	Terceto	ABA	consonante	11
3	Terceto encadeado	ABA, BCB, CDC...	consonante	11
4	Cuarteto	ABBA	consonante	11
4	Sirventés	ABAB	consonante	11
4	Redondilla	abba	consonante	8
4	Cuarteta	abab	consonante	8
5	Lira	7a11B7a7b11B	consonante	7/11
6	Copla de pé quebrado	8a8b4c8a8b4c	consonante	4/8
8	Oitava real	ABABABCC	consonante	11

A unidade métrica máxima é o **poema**, que pode ser estrófico, se está formado por estrofas, ou non estrófico.

Os poemas estróficos máis frecuentes son:

- **Soneto**. Composición formada por dous cuartetos e dous tercetos. Versos hendecasílabos e rima consonante.
- **Romance**. Serie ilimitada de versos octosílabos na que riman os pares e os impares quedan soltos. A rima é asonante.

Pode ver este tema moito máis ampliado no seguinte enderezo en Internet:

<http://elvelerodigital.com/apuntes/lyl/metrica.htm>

Para que poida repasar todo o que vimos acerca da métrica, aquí ten uns cantos enlaces a exercicios interactivos.

<http://teresadientedeleon.blogspot.com.es/2014/04/metrica-interactiva.html>

2.2.2 Principales recursos literarios

Tradicionalmente se designa con el nombre de *figuras retóricas* al conjunto de recursos expresivos del lenguaje literario. A pesar de que no son exclusivas de los textos líricos, son sobre todo los poetas quienes las utilizan más frecuentemente para llegar a la sensibilidad de los lectores.

Recursos fonéticos

Relacionados con el sonido de las palabras.

- **Aliteración.** Es la repetición de uno o varios sonidos iguales o similares en un verso o estrofa:

*“En el silencio sólo se escuchaba
un susurro de abejas que sonaba”.*
Garcilaso de la Vega.

- **Paronomasia.** Coincide en un verso la semejanza fonética de palabras o grupos de palabras:

*“Ciego que apuntas y atinas,
caduco dios y rapaz,
vendado que me has vendido...”*
Luis de Góngora.

- **Similicadencia.** Consiste en colocar seguidas o muy próximas varias palabras semejantes; pueden ser nombres con el mismo género y número o verbos con las mismas desinencias.

*“Con asombro de mirarte,
con admiración de oírte,
no sé que pueda decirte,
ni que pueda preguntarte”.*
Calderón de la Barca.

Recursos morfosintácticos

Relacionados con la forma o estructura de las palabras o las oraciones.

- **Anáfora.** Consiste en la reiteración de una palabra o grupo de palabras al comienzo de dos o más versos o unidades sintácticas:

*“Temprano levantó la muerte el vuelo,
temprano madrugó la madrugada,
temprano estás rodando por el suelo”.*
Miguel Hernández.

- **Asíndeton.** Omisión de nexos sintácticos entre oraciones o sintagmas:

*“Acude, corre, vuela,
traspasa la alta sierra, ocupa el llano”.*
Fray Luis de León.

- **Concatenación.** Repetición en serie que pone de relieve la continuidad; generalmente la última palabra de una frase o verso es la primera en la frase o verso siguiente:

"Todo pasa y todo queda,
pero lo nuestro es **pasar**,
pasar haciendo **caminos**,
caminos sobre la mar".

Antonio Machado.

- **Hipérbaton.** Alteración del orden sintáctico de la oración con respecto al "orden normal":

"Del **salón** en el ángulo oscuro".

Gustavo Adolfo Bécquer.

- **Paralelismo.** Es la idéntica disposición sintáctica de dos o más unidades diferentes:

"Tus descuidos *me* maltratan,
tus desdenes *me* fatigan
tus sinrazones *me* matan".

Lope de Vega.

- **Polisíndeton.** Repetición del mismo nexo sintáctico (conjunción o preposición):

"Y allí fuerte se reconoce, **y** crece **y** se lanza,
y avanza **y** levanta espumas, **y** salta **y** confía,
y hiende **y** late en las aguas vivas, **y** canta".

Vicente Aleixandre.

Recursos semánticos

Relacionados con el significado que las palabras adquieren en el texto.

- **Antítesis.** Se da con la oposición de dos ideas, pensamientos, expresiones o palabras contrarias.

Ej.: "Blanco/ negro" "Alto/ bajo".

- **Comparación.** Comparación de dos términos, uno real y otro imaginario. Los dos términos se encuentran presentes y entre ellos se coloca un nexo comparativo.

Ej.: "Tus dientes son *como* perlas".

- **Hipérbole.** Se trata de exagerar desmesuradamente, aumentando o disminuyendo, acciones, cualidades, hechos, etc. Es una exageración desmedida.

Ej.: Te lo he dicho **más de mil** veces; tengo un hambre que **me muero**; me **duele** hasta el alma; mi sed es tal, que **me bebería el mar**.

- **Metáfora.** Juego de significado a causa de una relación de analogía o semejanza. Se nombra un término real, pero se alude a otro imaginario, expreso o no:

“Las perlas de tu boca” (dientes blancos).

“Tus ojos son dos luceros” (ojos brillantes).

“Tus cabellos son de oro” (cabello rubio).

- **Metonimia.** Consiste en designar algo con el nombre de otra cosa tomando el efecto por la causa o viceversa, el autor por sus obras, el signo por la cosa significada.

Ej.: “La mejor **pluma** de la literatura universal” (sustituye al escritor por el objeto empleado para escribir).

“Compré un **Picasso**” (se sobreentiende que es un cuadro de Pablo Picasso).

- **Personificación.** Atribución de cualidades humanas a animales o seres inanimados.

“El viento de la noche gira en el cielo y canta...”;

“... y el agua se desliza presurosa y alegre por las piedras”;

“el viento me habla de ti”.

2.2.3 Principais subxéneros líricos

As principais formas da lírica son as seguintes:

- **Cantiga.** Composición de tema amoroso ou satírico cultivada na Idade Media, composta para ser cantada. No século XX volveuse cultivar, pero sen acompañamento musical.

<p style="text-align: center;"><i>Ondas do mar de Vigo</i></p> <p>Ondas do mar de Vigo; se vistes meu amigo! <i>e ai Deus se verra cedo!</i></p> <p>Ondas do mar levado, se vistes meu amado! <i>e ai Deus se verra cedo!</i></p> <p>Se vistes meu amigo, o por que eu sospiro! <i>e ai Deus se verra cedo!</i></p> <p>Se vistes meu amado, por que ei gran coidado! <i>e ai Deus se verra cedo!</i></p>	<p style="text-align: center;"><i>Cantiga nova que se chama riveira</i></p> <p>No niño novo do vento hai unha pomba dourada, meu amigo! Quén poidera namorala! Canta ao luar e ao mencer en fruta de verde olivo. Quén poidera namorala, meu amigo! Ten áers de frol recente cousas de recén casada, meu amigo! Quén poidera namorala! Tamén ten sombra de sombra e andar primeiro de río. Quén poidera namorala, meu amigo!</p>
<p>MARTÍN CODAX (século XIII)</p>	<p>ÁLVARO CUNQUEIRO</p>

- **Oda.** É unha composición na que a voz poética expresa en linguaxe elevada sentimentos de exaltación ante diversos temas de índole amorosa, patriótica, relixiosa... Pablo Neruda escribiu un libro titulado *Odas elementales*, dedicadas aos libros, á mazá, á alegría, ás papas fritas...

ODA A LA TRISTEZA	
<p>TRISTEZA, escarabajo de siete patas rotas, huevo de telaraña, rata descalabrada, esqueleto de perra: Aquí no entras. No pasas. Andate. Vuelve al Sur con tu paraguas, vuelve al Norte con tus dientes de culebra. Aquí vive un poeta. La tristeza no puede entrar por estas puertas. Por las ventanas entra el aire del mundo, las rojas rosas nuevas, las banderas bordadas del pueblo y sus victorias.</p>	<p>No puedes. Aquí no entras. Sacude tus alas de murciélago, yo pisaré las plumas que caen de tu manto, yo barreré los trozos de tu cadáver hacia las cuatro puntas del viento, yo te torceré el cuello, te coseré los ojos, cortaré tu mortaja y enterraré tus huesos roedores bajo la primavera de un manzano.</p>
PABLO NERUDA, <i>Odas elementales</i> .	

- **Égloga.** Composición na que a voz poética expresa sentimentos de amor postos en boca de pastores no marco dunha natureza idílica (*locus amoenus*). Na literatura castelá destacou no emprego destas composicións o poeta Garcilaso de la Vega, prototipo de *cortesán*, home que o mesmo collía a espada e loitaba nunha batalla que collía a pluma e escribía versos. Velaí un fragmento da súa Égloga I, composta entre 1531 e 1536.

ÉGLOGA I (fragmento)	
<p>Salicio:</p> <p>¡Oh más dura que mármol a mis quejas, y al encendido fuego en que me quemo más helada que nieve, Galatea!, estoy muriendo, y aún la vida temo; témola con razón, pues tú me dejas, que no hay, sin ti, el vivir para qué sea.</p>	<p>Vergüenza he que me vea ninguno en tal estado, de ti desamparado, y de mí mismo yo me corro agora. ¿De un alma te desdeñas ser señora, donde siempre moraste, no pudiendo de ella salir un hora? Salid sin duelo, lágrimas, corriendo.</p>
GARCILASO DE LA VEGA, <i>Poesías castellanas completas</i> .	

- **Elexía.** Composición lírica na que a voz poética expresa a dor pola morte dun ser querido ou outra desgraza. Na literatura medieval chamábanse **prantos**.

ELEGIA A RAMÓN SIJÉ (fragmento)

(En Orihuela, su pueblo y el mío, se me ha muerto como del rayo Ramón Sijé, con quien tanto quería.)

Yo quiero ser llorando el hortelano
de la tierra que ocupas y estercolas,
compañero del alma, tan temprano.

Alimentando lluvias, caracolas
y órganos mi dolor sin instrumento,
a las desalentadas amapolas

daré tu corazón por alimento.
Tanto dolor se agrupa en mi costado,
que por doler me duele hasta el aliento.

MIGUEL HERNÁNDEZ, *Antología poética*.

- **Sátira.** É unha composición que ten como finalidade a crítica e a burla que poña de relevo os vicios ou defectos individuais ou colectivos. As **cantigas de escarnio e maldicir** facían o propio na literatura da Idade Media.
- **Epigrama.** Composición moi breve e incisiva de carácter festivo, normalmente burlesca, aínda que ás veces tamén pode gabar un personaxe.

A la abeja semejante,
para que cause placer,
el epigrama ha de ser:
pequeño, dulce y punzante.

JUAN DE IRIARTE

- **Himno.** É unha composición solemne que expresa os sentimentos ou ideais patrióticos ou relixiosos dun pobo ou dunha colectividade. O *Himno galego* foi composto polo escritor Eduardo Pondal.

OS PINOS	
<p>Qué din os rumorosos na costa verdecente ao raio transparente do prácido luar? Qué din as altas copas de escuro arume arpado co seu ben compasado monótono fungar? Do teu verdor cinguido e de benignos astros confín dos verdes castros e valeroso chan, non des a esquecemento da inxuria o rudo encono; desperta do teu sono fogar de Breogán.</p>	<p>Os bos e xenerosos a nosa voz entenden e con arroubo atenden o noso ronco son, mais sôo os iñorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros non nos entenden, non. Os tempos son chegados dos bardos das edades que as vosas vaguedades cumprido fin terán; pois, donde quer, xigante a nosa voz pregoa a redenzón da boa nazón de Breogán.</p>
EDUARDO PONDAL, <i>Queixumes dos pinos</i> .	

2.3 Introducción a los textos narrativos

Narrar es contar hechos reales o ficticios que suceden a unos personajes en un tiempo y en un lugar determinados. Se trata de una actividad tan antigua como el hombre. Desde siempre, desde antes de la aparición de la escritura, el ser humano ha sentido la necesidad de contar hechos reales o creados por su imaginación.

Para saber cómo y cuándo surgió la narración debemos remontarnos a las circunstancias en que apareció: los hombres de aquellos tiempos llevaban un modo de vida rudimentario en el que se desconocía incluso la agricultura y se dedicaban principalmente a la recolección de frutos y a la caza. También, por supuesto, desconocían la escritura. En ese contexto la conservación y transmisión de los conocimientos y experiencias de interés común solo podían hacerse por *vía oral*.

En esta situación de oralidad primitiva, los mensajes verbales que se querían conservar tenían muchas dificultades para perdurar; pero era imprescindible que determinados mensajes no se perdiesen, porque de ellos dependía la propia supervivencia del grupo, ya que contenían los datos esenciales para su identificación y cohesión: sus creencias, su concepto de la naturaleza y la existencia, la historia de los antepasados... Para afrontar esta ineludible necesidad solo contaban con un instrumento: la memoria, un soporte muy frágil e inseguro y además con una capacidad de almacenaje muy limitada; por ello idearon un mecanismo verbal para que esas informaciones vitales pudiesen conservarse y transmitirse; una fórmula que tuviera unas cualidades mnemotécnicas especiales: la **narración**.

Así pues, la invención del relato se puede considerar como la forma más antigua de conocimiento, directamente relacionada con la manera de pensar del hombre primitivo. La narración es un recurso fundamental para ordenar, memorizar y transmitir la información. Pero para que esta se pueda guardar en la memoria con facilidad tiene que construirse de acuerdo con un modelo determinado, de manera que su estructura sea inmediatamente reconocible por quien la escucha y, en consecuencia, su contenido procesado con facilidad.

La *narrativa oral* era necesaria en la antigüedad para recordar las hazañas de los héroes y la historia de los pueblos, para transmitir a las generaciones posteriores los descubrimientos, las enseñanzas y las normas, y para entretener.

Son muy variadas las formas literarias que puede adoptar el texto narrativo. Según estén escritos en prosa o en verso diferenciaremos dos subgéneros dentro de este tipo de textos:

2.3.1 Principales subgéneros narrativos

Subgéneros narrativos en verso

Estos subgéneros se integran dentro del llamado **género épico**, que se caracteriza por narrar en verso las hazañas de un héroe. Fue un género muy cultivado en la Antigüedad aunque actualmente no se cultiva. Entre los subgéneros de la épica destacan:

- **Epopeya:** es un poema extenso en que se narran en tono elogioso los hechos trascendentales para la historia de un pueblo. Obras como la *Iliada* o la *Odisea* del poeta griego Homero, o como la *Eneida*, del poeta latino Virgilio, son ejemplos de este subgénero.
- **Cantar de gesta:** Es un canto de las hazañas de un héroe histórico o legendario. Por ejemplo el *Cantar de Mío Cid*, que narra las hazañas de Rodrigo Díaz de Vivar, “El Cid”.
- **Romance:** Es un poema breve que surge a partir del cantar de gesta y pone de relieve un episodio concreto de este. Escrito en octosílabos con rima asonante (solo riman las vocales) en los versos pares.

ROMANCE DE ROSA FRESCA	
<p>¡Rosa fresca, rosa fresca, tan garrida y con amor, cuando yo os tuve en mis brazos, non vos supe servir, non: y agora que vos servía non vos puedo yo haber, non! - Vuestra fue la culpa, amigo, vuestra fue que mía non enviáste una carta con un vuestro servidor, y, en lugar de recaudar él dijera otra razón: que érades casado amigo, allá en tierras de León; que tenéis mujer hermosa e hijos como una flor. - Quien vos lo dijo, señora, non vos dijo verdad, non; que yo nunca entré en Castilla ni allá en tierras de León, sino cuando era pequeño, que non sabía de amor.</p>	 <p>Romancero viejo</p>

Subgéneros narrativos en prosa

- **Novela:** es una narración extensa de unos hechos, reales o ficticios, que les suceden a unos personajes en un espacio y tiempo determinados, contados por la voz de un narrador. Así, por ejemplo, en la novela *La Colmena* de Camilo José Cela podemos observar que los personajes se encuentran descritos minuciosamente, podemos ver cómo son interiormente y cómo evolucionan a lo largo de la obra.

-No perdamos la perspectiva, yo ya estoy harta de decirlo, es lo único importante.

Doña Rosa va y viene por entre las mesas del café, tropezando a los clientes con su tremendo trasero. Doña Rosa dice con frecuencia «leñe» y «nos ha merengao». Para doña Rosa el mundo es su café, y alrededor de su café, todo lo demás. Hay quien dice que a doña Rosa le brillan los ojillos cuando viene la primavera y las muchachas empiezan a andar de manga corta. Yo creo que todo eso son habladurías: doña Rosa no hubiera soltado jamás un buen amadeo de plata por nada de este mundo. Ni con primavera ni sin ella. A doña Rosa lo que le gusta es arrastrar sus arrobos, sin más ni más, por entre las mesas. Fuma tabaco de noventa cuando está a solas, y bebe ojén, buenas copas de ojén, desde que se levanta hasta que se acuesta. Después tose y sonrío. Cuando está de buenas, se sienta en la cocina, en una banqueta baja, y lee novelas y folletines, cuanto más sangrientos, mejor: todo alimenta. Entonces le gasta bromas a la gente y les cuenta el crimen de la calle de Bordadores o el del expreso de Andalucía.

CAMILO JOSÉ CELA. *La colmena*


- **Cuento:** Narración breve, oral o escrita, en la que se narra una historia de ficción con un reducido número de personajes, una intriga poco desarrollada y un clímax y desenlace final rápidos.

En cuanto a *su modo de composición y autoría*, podemos distinguir dos clases de cuentos, fundamentalmente:

- **Cuento tradicional y popular:** es una narración tradicional breve de hechos imaginarios que se presenta en múltiples versiones, que coinciden en la estructura pero difieren en los detalles. Se remonta a épocas y pueblos primitivos y, posteriormente, se divulgó en formas de recopilaciones sistemáticas: las de Perrault (s. XVII) o las de los Hermanos Grimm (s. XIX).

Presenta tres subtipos principales:

- **Cuento literario:** es el cuento concebido y transmitido mediante la escritura. El autor suele ser conocido. El texto, fijado por escrito, se presenta generalmente en una sola versión, sin el juego de variantes característico del cuento popular.



Características de los cuentos tradicionales

Lo característico de los cuentos es su comienzo; la mayoría lo hacen con frases como esta: «Había una vez...» o «Érase una vez... en un lejano lugar...».

Los cuentos están concebidos de acuerdo con unas reglas fijas:

- Los elementos integrantes de la acción son muy pocos.
- El orden en que figuran estos elementos es (con ligeras variaciones) siempre el mismo.
- El número de personajes es fijo y limitado y su comportamiento y actuación es previsible.
- Emplean un lenguaje sencillo.
- Posee gran importancia la numerología, con predilección por los números 3 y 7: los tres cerditos, tres hijas... (no es casualidad que en castellano contar sea, por una parte, “numerar”, pero también “referir algún caso o acontecimiento” o relatar). Los *cuentos* y las *cuentas* vienen de una misma raíz léxica.

Estructura de los cuentos

El cuento tradicional se estructura en secuencias. Las más características son:

- **La situación inicial:** los cuentos empiezan con indicaciones de tiempo y de lugar. («*Erase una vez...*», «*Había, en un lejano país...*»)
- **Las pruebas:** el personaje principal debe superar una serie de obstáculos.
- **Las ayudas:** el personaje principal recibe la ayuda real o mágica de otros personajes con la que, finalmente, supera las pruebas impuestas.
- **El desenlace:** el protagonista logra su objetivo que suele ser cerrado y feliz. Se produce a menudo un cambio de categoría social: el mendigo se convierte en rico, la criada en señora...



Actividad propuesta

Lea el texto de *Juan el oso* y realice las actividades que se indican en la página (todas ellas con correcciones) para profundizar en el análisis del cuento.

<https://cuentolandia.wordpress.com/2008/10/14/cuentojuan-el-oso/>

2.3.2 A narrativa breve

Xéneros afíns ao conto son:

As lendas

As lendas son relatos nos que se narra como real un suceso extraordinario e que xorden para explicar o inexplicable ou a orixe dun personaxe. Para darlles ese ton de realidade, estes relatos sitúanse en lugares e tempos precisos.

Galicia é rica en lendas, ritos e crenzas. As **lendas** diferéncianse dos contos en que sempre teñen unha localización concreta no tempo e no espazo. Pertencen ao acervo literario popular, transmitido oralmente de xeración en xeración, sufrindo invariablemente alteracións nos matices, mais non na propia esencia da historia que se conta. Ademais, a lenda ten certos visos de realidade, unha intencionalidade de facer crer ao ouvinte que aquilo que se está a contar sucedeu realmente, a pesar dos elementos sobrenaturais que sempre atopamos.

A cultura popular galega conta cun bo número de *seres sobrenaturais* que non teñen que ver coa ortodoxia cristiá, e que ademais foron combatidos por esta. O máis popular é a *meiga*, que ten un carácter dual, xa que tanto pode actuar como mediadora, para curar as doenzas, ou como aliada do demo para botar o temido “mal de ollo”. Hai meigas nas que a maldade é intrínseca, como a meiga chuchona, que se dedica a chupar o sangue dos nenos. Porén, en moitas ocasións o meigallo prodúcese por non atender a un favor que a meiga solicita, como acontece coa meiga lavandeira, que pide axuda para lavar a súa roupa. As meigas son omnipresentes nos ditos populares en Galicia: “É cousa de meigas”, botáronlle un “meigallo”, “Meigas fóra!”...

Lea agora unha vella historia de bruxería:

«Pasou na Terra Chá, pola parte de Vilalba. Vivían na mesma casa o matrimonio vello, a filla e o seu home, casados de había pouco. Os sogros, a sogra, sobre todo, que tiña sonda de bruxa na comarca, non lle quería moi ben ao xenro e sempre andaba cismando para amolalo. Ata tal punto chegaron as malas relacións que a filla espiaba o que falaban seu pai e súa nai por se preparaban algunha maldade contra o seu home. E nunha desas, unha noite que achegou a orella á alcoba onde durmían os pais, escoitou que dicía a súa nai:

- Mañá a filla e mais o xenro van ir arar ao vilar. Hai que procurar que chame as vacas o xenro; eu heime disfrazar de abellón e hei picar nas vacas ata que adoenten e pasen por riba del. A ver se o matan xa dunha vez.

A filla non lle comentou nada ao home do que pretendía a súa nai, mais ao día seguinte pola mañá cando viu a súa nai saír pola cheminea da casa preparouse. Colleu un ramallo de loureiro bendicido o Domingo de Ramos e levouno canda ela. E cando chegaron ao vilar díxolle ao home:

- Hoxe chamo eu as vacas.

- Pero muller, sempre as chamo eu.

- Hoxe non; leva ti o arado e eu chamo as vacas.

Puxéronse a labrar; ela chamando e o home agarrado ao temón do arado. Deseguidiña viron andar un abellón arredor das vacas, dando reviravoltas por enriba do lombo. Sabía onde aplicar o ferrete, sempre lonxe de onde podía chegar o rabo ou os cornos dos animais. As vacas xa non andaban ao rego; dábanlle ao rabo, meneaban os cornos, erguían as patas para liberarse do abellón, mais non conseguían desfacerse del. Mentres, a filla trataba de darlles co loureiro.

- Terma, muller, terma das vacas –protestaba o home.

Dunha vez cazou o abellón co loureiro e matouno, e alí o deixaron defuntado no medio do rego. Seguiron labrando xa tranquilos, coma se nada, mais aos poucos viñeron uns veciños a avisar que atoparan morta na cama á súa nai. E dixo a filla:

- Se morreu que a trague o demo.

E díxolle o home.

- Pero, muller, como dis esas cousas! Morreu a túa nai e ti dis que a trague o demo!

- Si, si, que a trague o demo no inferno!

E entón contoulle todo o que pasara: que a súa nai era bruxa, e como lles escoitara a noite anterior que o querían matar a el con aquela estratexia de transformarse en abellón. »

XOSÉ MIRANDA e ANTONIO REIGOSA: *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e terror.*

Actividades propostas

En el siguiente enlace puede leer las *Leyendas* escritas por Gustavo Adolfo Bécquer y publicadas entre 1858 y 1864. Estas narraciones tienen un carácter íntimo que evoca el pasado histórico y se caracterizan por una acción verosímil con una introducción de elementos fantásticos o insólitos.

<http://www.vicentellop.com/TEXTOS/becquer-leyendas/leyendasbecquer.htm>

Os mitos

Os mitos, moi relacionados coas lendas, son un tipo de relato que trata de explicar misterios relativos á orixe do mundo, dos seres humanos, da natureza ou do inexplicable. Para iso, cada pobo ou cultura elabora as súas propias historias. O conxunto de mitos forman a **mitoloxía** de cada cultura. O mito e o conto tradicional



comparten trazos compositivos. Non obstante, o conto pretende entreter e o mito explicar algo ou establecer unhas pautas sociais de comportamento entre os membros dunha comunidade.

En el siguiente enlace puede consultar los principales mitos griegos.

<http://mitosyleyendascr.com/mitologia-griega/>

Nestoutro, mitos, lendas, ritos, contos, romances e aventuras do imaxinario galego

<http://www.galiciaencantada.com/categorias.asp>

Exemplos e apólogos

Exemplos e apólogos son relatos alegóricos dos que se desprende unha ensinanza ou consello. Recollen a influencia de obras da literatura oriental, como o *Calila e Dimna*, colección de contos da literatura india que fora traducido por Afonso X o Sabio, quen desenvolveu un importante labor científico e literario. Este tipo de narracións tivo moito éxito en toda Europa.

Outros exemplos son *O Decamerón*, de Boccaccio, na literatura italiana, os *Contos de Canterbury*, de Geoffrey Chaucer, na inglesa e na literatura castelá do século XIV a obra de **don Juan Manuel**, *El Conde Lucanor*.

Propoñémoslle como exemplo a lectura do prólogo que don Juan Manuel escribiu para esta obra:

